

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Obradoiro de creación literaria

María do Cebreiro: “Hai que 'desaprender' os hábitos que nos bloquean”

Comeza en Padrón unha serie de seminarios que se desenvolverán en cinco vilas do país.

M. del Río - 17:25 26/09/2007

Este mércores á tarde arranca en Padrón un obradoiro de creación literaria que vai impartir a escritora María do Cebreiro. Organizado pola [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#) coa colaboración do Servizo de Igualdade da [Vicepresidencia da Xunta](#), forma parte dun ciclo de cinco obradoiros que se desenvolverán tamén en Ribeira, Santa Comba, Sanxenxo e Curtis, dirixidos principalmente a colectivos femininos.

Vieiros: Non é un pouco contradictorio “ensinar a crear literatura”?

María do Cebreiro: Algo de contradición pode parecer, aínda que eu creo moito no traballo e pouco na inspiración. Aí rompo coa idea romántica de que non se pode aprender a crear. Máis ben hai que *desaprender* os hábitos que nos bloquean. A creación véxoa como a busca dun espazo de liberdade. É como aprender a respirar, que hai que volver a facer como respiran os bebés, retornar ao comezo e evitar os malos hábitos adquiridos.

V: É o primeiro obradoiro deste tipo que imparte?

M. C: A min pediumo a AELG, eu eu vino como unha actividade de animación e de incentivación. Considérome máis ben unha escritora e profesora de literatura metida a animadora. Outro aliciente é que vai dirixido a un público de mulleres maiores de 45 anos, que é un perfil co que non traballara. Sóme gustar participar en experiencias novidosas e ese é o porqué de aceptar.

V: E que metodoloxía vai empregar?

M. C.: Vai estar lonxe de técnicas de escrita e máis próxima a retomar o sentido de liberdade que pode ter o encontro coa palabra. Tratarase de construír ese espazo de encontro máis ca dar receitas sobre literatura. Logo, cadaquén que o desenvolva ao seu xeito.

